

Retroprogres

que pensan que chamar a unha
“feminazi”

é unha boa chanza.

“Porque querer que as do teu xénero
sexan tratadas como seres humanos
é igual ca invadir Polonia”.

Cada vez que camiñamos

soas pola noite

cada unha de nós leva ao lombo

os corpos de todas as mulleres

violadas e asasinadas.

Non sabemos os seus nomes infinitos

mais fican escritos

no noso ADN do medo

transferido por sabios consellos

de mais e pais,

familias preocupadas,

mozos que queren acompañarnos á casa,

películas con mancheas de corpos mortos

sen identificar

e ameazas en cada recuncho visual.

Mágoa que eses mesmos consellos

e preocupacións

non se concentren na parte

que viola e asasina

porque igual que nosoutras vencemos

o ADN e camiñamos

habería outros que poderían vencer

o ADN e se non ficar eles encerrados.